

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 17 de decembro de 2021

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 17/12/2021
- II. Asistentes á CGIC do 17/12/2021
- III. Accións de Mellora derivadas do Informe Final de renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de outubro de 2021.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador.

A Presidenta sinala que o relevo no Enlace de Igualdade do centro conleva un cambio na Composición da Comisión de Calidade da Escola: dá a benvida a Generosa Fernández Manín, en substitución de Teresa Rivas Brea, a quen agradece o seu labor como Enlace de Igualdade e como membro da comisión.

A continuación cede a palabra ao Coordinador de calidade, quen comenta as principais incidencias dende a anterior sesión da CGIC:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade – “Axenda 2021/2022”**

- ✓ **22 outubro:** Reunión para presentar a planificación do curso:
 - Participación dos centros nos programas de calidade.

- Novos procedementos revisados, pendentes do visto bo da Comisión de Calidade da Universidade (xaneiro 2021):
 - Manual de Calidade (que consta dun manual institucional e outro de centro)
 - DE01 Programación e desenvolvemento estratéxico (que inclúe a Política e Obxectivos de calidade).
- Outra información: suxestións e novidades relativas a Accións de Mellora, Enquisas de Satisfacción, Informe de Revisión pola Dirección, Formación do PDI, aplicación SGC 21/22, recomendacións para as páxinas WEB dos centros, WEB da Área de Calidade e procedementos a revisión no curso 21/22 (DO0101-0103, PE02, XD).
- ✓ 4 novembro: achegan a Axenda Básica de Calidade 2021/2022.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
 - ✓ **Indicador I07(2)–DO:** enquisa propia de satisfacción, dirixida a persoas tituladas e xestionada pola Área de Calidade, para a valoración do desenvolvemento da materia TFM/TFG na emE.
 - 27 outubro: posta en marcha da enquisa. Enviada a 147 persoas egresadas. Prazo (inicial) ata o 26 novembro.
 - 25 novembro: participación 30% (44 respostas de 147 e 5 declinacións)
 - Prazo ampliado ata o 22 de decembro
 - 10 decembro: participación: 31% (46 respostas de 147 e 7 declinacións).
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas**
 - ✓ 2 decembro: publicación de indicadores e información no Portal de Transparencia, entre os que se atopan un avance de matrícula do curso 2021-2022, e os seguintes indicadores correspondentes ao curso 2020/2021: matrícula en grao e mestrado, número de persoas egresadas (grao e mestrado), prácticas no estranxeiro, enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado, notas medias das titulacións e mobilidade saínte de PAS e PDI.
- **Información relativa ao rexistro R1-DO0203 P1 – PAT-ANEAE:**
 - ✓ Inclúíuse a participación dos coordinadores das titulacións e un formulario de enquisa que faltaba no Anexo IV do documento (estaba delegado na dirección).
 - ✓ A versión final achegouse aos membros da Comisión de Calidade e publicouse na aplicación do SGIC e na páxina Web do centro.
 - ✓ 10 novembro: reunión cos coordinadores e titores do PAT-ANEAE para concretar funcións e responsabilidades e para planificar e coordinar o traballo a realizar.
 - ✓ Proposta: incluír á coordinadora xeral PAT-ANEAE/MEET na Comisión de Calidade cando se revise a súa composición.
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC - Curso 2020-2021:**
 - ✓ Revisar as datas de revisión pasadas ou erróneas das Accións de Mellora e corrixilas ou engadir unha revisión na plataforma.

- **Rexistros completados na plataforma do SGIC - Curso 2020-2021:**
 - ✓ **R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro.** Posposto ao próximo curso seguindo a recomendación da Área de Calidade, xa que é inminente a aprobación do novo procedemento.
 - ✓ **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia.** Posposto ao próximo curso; revisarase conxuntamente co rexistro anterior.
- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2020-2021:**
 - ✓ **R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación (ACSUG – Non procede)**
 - ✓ **R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna (UVIGO – Non procede)**
 - ✓ **R1-PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais):** consiste no informe de resultados das EAD do curso 2020-2021 por titulacións, que aínda non está publicado.
- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**
 - ✓ **R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro** (adiado a xaneiro)
 - ✓ **R2- PE01 P1 - Identificación das necesidades de formación do PAS do centro** (adiado a xaneiro)
 - ✓ **R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas** (adiado a xaneiro)
 - ✓ **R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación** (adiado a xaneiro)
 - ✓ **R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación** (non procede)
 - ✓ **R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG** (non procede).

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado; ademais, sinala e poñe en valor que, no momento da convocatoria da comisión, a aplicación do SGIC do centro estaba ao día.

En relación ao Programa Docencia lembra que se abriu unha acción de mellora para incentivar a participación. No marco desta acción se levaron a cabo varias sesións informativas sobre os procedementos, trámites, prazos, etc. e agora, coas persoas que solicitaron participar no programa, estase a axudarlles a presentar a documentación requirida. Vaise solicitar á Área de Calidade a convocatoria dunha sesión informativa sobre o proxecto que se pide na documentación a presentar (dar pautas para a súa elaboración).

Por último sinala que nun artigo da prensa relativo aos resultados das enquisas de satisfacción da Universidade de Vigo, destacan os resultados acadados polo noso centro (3º global e 1º do Campus de Vigo) e as nosas titulacións de grao (GEE 6º e GERME 10º).

4. Aprobación, se procede, de Accións de Mellora derivadas do Informe Final de renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

A Presidenta lembra o proceso de renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade e cal é o seguinte paso a seguir; amosa a proposta da dirección e aclara o formato do documento (para que aclarar o histórico e facilitar o traballo posterior).

A continuación expoñe cada punto, explicando os aspectos máis relevantes, e abre unha quenda de intervencións.

Generosa Fernández suxire utilizar os apartados de Estado de situación para facilitar a lectura dos argumentos e da información relativa ás revisións, estado, etc.

O Coordinador recolle a suxestión aínda que comenta que eses apartados estaban pensados para recoller os avances que se vaian dando nos estados das novas accións de mellora que se definen agora.

A Presidenta sinala que a idea é introducir as novas Accións de Mellora na plataforma do SGIC e engadir as fichas xeradas como un anexo ao documento.

Apróbase o documento por asentimento, delegando na dirección as eventuais melloras de redacción e formato e a incorporación das fichas das novas accións de mellora nun anexo.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezasete de decembro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 17/12/2021



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 17/12/2021



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 17 de decembro de 2021	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM



ANEXO III

Accións de Mellora derivadas do Informe Final de renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade